

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: Xuño Lúdico 2024

EXPEDIENTE: 7119/2024

ANTECEDENTES:

O Xuño Lúdico é unha oferta educativa e de ocio concibida para conciliar a vida laboral e familiar dos veciños e veciñas de Ames durante o período non lectivo do mes de xuño, concretamente para o ano 2024, os días 24, 25, 26, 27 e 28 de xuño. As normas de organización e funcionamento de dito programa están reguladas no “Regulamento de funcionamento dos programas lúdicos do Concello de Ames” publicado no BOP núm. 243, de 26 de decembro de 2022.

O servizo está dirixido aos nenos e nenas de Ames que durante o prazo de inscrición estean escolarizados no 2º ciclo de Educación Infantil e Primaria.

Segundo establece o artigo 12 de dito Regulamento, os lúdicos desenvólvese en Bertamiráns e no Milladoiro, nos locais habilitados polo Concello e que se farán públicos en cada convocatoria nas oficinas de O Milladoiro e Bertamiráns, e tamén na páxina web do Concello “www.concellodeames.gal”.

Tendo en conta o número de horas de prestación de servizo que ten contratadas o Concello, é necesario establecer o número máximo de usuarios por centro e por nivel de infantil e primaria.

Á vista de todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º.- Iniciar o prazo de inscrición para o servizo de conciliación da vida laboral e familiar do Concello de Ames denominado “Xuño Lúdico 2024”

Dito prazo de inscrición estará aberto desde o 22/04/2024 ata o 06/05/2024, ámbolos dous días incluídos.

2º.- Informar que os días de desenvolvemento do programa e os centros habilitados para a súa realización son os seguintes:

Días desenvolvemento do programa: 24, 25, 26, 27 e 28 de xuño de 2024

Lugares habilitados:

Milladoiro

CEP de Ventín: para os/as alumnos/as escolarizados durante o curso 2023/2024 nalgún dos niveis do segundo ciclo de educación infantil e educación primaria

Bertamiráns

CEIP de Maía: para os/as alumnos/as escolarizados durante o curso 2023/2024 nalgún dos niveis do segundo ciclo de educación infantil e educación primaria.

3º.- As prazas estimadas dispoñibles para este programa por centro e por grupos de idade é o seguinte:

CEP Ventín	Infantil	45 prazas
	Primaria	45 prazas
CEIP A Maía	Infantil	45 prazas
	Primaria	45 prazas

A cobertura de prazas realizarase conforme ao estipulado no artigo 17 do Regulamento de funcionamento dos programas lúdicos do Concello de Ames.

4º.- Facer públicos a organización e os horario de entrega e recollida do Xuño Lúdico 2024, que se incorpora como anexo I a este Decreto. Estes horarios poden sufrir modificacións en función das necesidades organizativas dos servizos.



O alcalde
José Blas García Piñeiro

A secretaria accidental
Concepción Vilas Cantelar

ANEXO I

ORGANIZACIÓN DO SERVIZO DE CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR "XUÑO LÚDICO 2024" DO CONCELLO DE AMES E HORARIOS DE ENTREGA E RECOLLIDA

A organización dos/s nenos/as que participan no xuño lúdico 2024 realizarase en base a unha ratio de 1 monitor/a por cada 15 nenos/as, excepto no caso de nenos/as con necesidades específicas de apoio educativo onde a ratio será 1/1.

O límite de prazas do xuño lúdico 2024 definirase por grupo e por centro.

Os grupos establécense en función das idades dos nenos/as, polo que ás prazas que haxa nese grupo só poden ser ofertadas aos nenos/as que estean dentro dese grupo de idade concreto e dentro dese centro concreto.

RECOMENDACIÓNS XERAIS

- Non poderán participar na xuño lúdico 2024 o/a neno/a:
 - Se ten febre, diarrea, vómitos, piollos, enfermidades contaxiosas...
- Os nenos e nenas deberán traer unha mochila ou bolsa que permita meter todas as súas pertenzas, unha botella de auga e algo para merendar a media mañá.
- As zonas onde se fai o lavado de mans estará dotadas de xabón e toallas de papel. Levarase a cabo unha hixiene de mans frecuente con auga e xabón e realizarase antes e despois das comidas e despois de ir ao lavabo.
- Utilizaranse desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrado polo Ministerio de Sanidade, respectando as indicacións da etiqueta para limpar as superficies
- Non está permitido traer xoguetes ou calquera outro obxecto de xogo da casa.

HORARIOS ESPECÍFICOS DE CADA CENTRO (estes horarios poden sufrir modificacións en función das necesidades organizativas dos servizos)

HORARIOS CEP VENTÍN:

Bos Días: 7:30 – 9:00 Porta do comedor
Entrada: 9:00 – 9:30 Porta do pavillón (accédese dende a explanada para aparcar)
Saída sen xantar: 14:00 – 14:30 Porta do pavillón
Saída con xantar: 15:00 – 16:00 Porta do pavillón

HORARIOS CEIP MAÍA:

Bos Días: 7:30 a 9:00 Porta principal do comedor
Entrada: 9:00 a 9:30
Infantil: porta principal do comedor
Primaria: porta lateral do comedor (fronte ao patio cuberto)





Saída sen xantar: 14:00 a 14:30

Infantil: Patio cuberto (porta principal)

Primaria: Patio cuberto (porta lateral, acceso pola rampa)

Saída con xantar: 15:15 a 16:00

Infantil: Patio cuberto (porta principal)

Primaria: Patio cuberto (porta lateral, acceso pola rampa)

HASH DO CERTIFICADO:
2552C590968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732
4E8C600B9326645324C853A1E4EE5A95384FF178

POSTO DE TRABALLO:
Alcalde
Secretaría accidental

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2AF93BA44AFBD74B89

NOME:
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS
VILAS CANTELAR, CONCEPCION

